SEMINARIO DE SARGADELOS
CERVO - LUGO - TLFNO. 58 08 11

7 de febreiro, 1979

Sr. Don Valentín Paz-Andrade
Vigo

Querido Valentín:

O sábado último dixécheme que había un traballo de Miguez sobre o teu "Guimaraes" nos suplementos derradeiros do "Informaciónes". Revisados os de tres meses atrais non aparece tal traballo, polo que debíche trabucar e debe ser noutro xornal ou non nos suplementos. De calquer xeito, interésanos ter o traballo, podías mandarnos unha fotocopia.

O teu libro de poemas está composto, cunha primeira corrección, e van a te enviar estes dias probas empaxinadas directamente dende a imprenta para que corrixas millor.

Ao millor aínda nos vemos o sábado en Santiago na 2ª Asamblea restauradora do Seminario.

~~A~~indiante Senador que hai que traballar moito por Galicia para que nona papen a Unión de Oportunistas de Centro.

Apertas tensa para ti e para Pilar

Isaac